

ÁNGEL RODRÍGUEZ GALLARDO,
Letras armadas. As vidas de Enriqueta
Otero Blanco,
Concello de Lugo-Fundación 10 de Marzo,
Lugo, 2005, pp. 235.

Julio Prada Rodríguez
Universidade de Vigo

Durante moito tempo a biografía, sempre atada á cronoloxía e vinculada ó estudo de grandes persoeros, foi o prototipo por excelencia da historia tradicional. Se cadra por iso, a renovación historiográfica abandeirada polas grandes correntes historiográficas ocasionou a súa caída en desgraza agás en países como o Reino Unido. Mais dende a segunda metade dos anos setenta en Francia e a partir dos oitenta en España, asistíuse a un novo auxe da biografía histórica que, como sinalaba J. Tusell¹, non respondía xa a esa concepción do século XIX segundo a cal a Historia sería unha especie de «plutarquismo heroico» no que as peculiaridades duns individuos irrepitibles marcarían o destino común dos mortais, senón que introduciría as relacións entre o medio social e cultural e o contexto histórico por unha banda, e por outra a deses caracteres singulares capaces de modificalos de xeito substancial ó longo dunha vida.

Un dos meirandes problemas dos relatos biográficos reside nas dificultades para ofrecer novas metodoloxías, malia as perspectivas que anos atrás pareceran abrirse coa psichistoria, é dicir, o emprego das achegas freudianas para a interpretación das personaxes², e, sobre todo, coa renovación da prosopografía ou biografía colectiva e a «historia de casos» de Vovelle³. As *Letras armadas* de Ángel Rodríguez Gallardo non son expresión purista de ningunha destas correntes da biografía histórica pero, as máis das veces de xeito intuitivo, consegue plasmar parte destas achegas nalgúns parágrafos da obra. Non cae, por exemplo, na tentación psicoloxista, pero tampouco renuncia a profundar no que Enriqueta Otero Blanco tiña de singular e de expresión dunha época –de diferentes épocas, sería máis correcto dicir–, entre outras cousas porque, como sinalara con acerto G. Levi, non podemos facer moito máis que esbozar a intencionalidade das personaxes que constitúen o noso obxecto de estudo⁴. E por iso mesmo, nas *vidas* de Enriqueta ben puideran sentirse reflectidas moitas ou ningunha das protagonistas anónimas dos diferentes *tempos* históricos que a súa traxectoria vital abranguen e consumen.

Porque se hai algo que, ó meu xuízo, define mellor eses case oitenta anos de vida de Enriqueta Otero é esa mestura do singular e o exemplar de cada unha das súas *vidas* como docente, enfermeira, axitadora cultural, guerrilleira, dirixente política na clandestinidade e muller á que a represión deixou pegadas indelebles, testemuña viva daqueles tempos, o de *medo e fame*. A personificación, por unha banda, de todas aquelas mulleres que viron como a proclamación da Segunda República servía para abri-lles novas canles de participación na vida social a través da súa propia realización persoal; o característico, por outra, daquelas que souberon dar a ese camiño unha dimensión social a través do compromiso militante da defensa dos valores éticos do mellor daquela República mentres lle quedou algún alento na lenta agonía daquela incivil guerra. O paradigma de todas as mulleres que sufriron torturas, vexacións e privación de liberdade porque nin a derrota, a propaganda ou os máis ou menos sutís mecanismos de atracción do novo réxime foron quen de borrar o seu compromiso ético; o distintivo daquelas poucas que dende a clandestinidade da militancia comunista continuaron a loita armada na guerrilla

¹ TUSELL, J., «Historia, política, biografía», en *Claves*, nº 7, 1990, pp. 54-58.

² Sobre a importancia da psicoanálise para a biografía histórica cfr. STROZZI, S., «Sujeto y persona en la biografía histórica», en C. Barros (ed.), *Actas del Congreso Internacional «A historia a debate»*, III, Santiago de Compostela, 1995, pp. 175-182.

³ VOVELLE, M., *Ideologías y mentalidades*, Barcelona, Ariel, 1985, p. 24.

⁴ Cit. in COLOMER PELLICER, F., «Biografía y cambio social: La historia que estamos viviendo», en C. Barros (ed.), *Actas del Congreso Internacional...*, op. cit., pp. 167-174.

antifranquista, con todas as súas luces e sombras, o épico e o infortunado, que tivo esta elección. O arquetipo de todos aqueles nos que a frustración e o paso do tempo non significaron a renuncia ó sono dun mundo mellor, un mundo ó que a cultura, aquela «cultura» entendida ó xeito republicano, fose quen de arrincar a venda dos ollos; o privativo dos que coa a recuperación das liberdades democráticas sacrificaron moito máis cós que viviran comodamente instalados na ditadura...

Non se nos oculta que un dos elementos esenciais en toda aproximación biográfica é a empatía, a capacidade de poñerse no lugar do personaxe biografiado, de albiscar as chaves esenciais da súa traxectoria vital e descubrir os porqués de cada unha das súas eleccións transcendentales. Se calquera historiador realiza unha «reconstrución imaxinativa» do pasado, no caso dos que se aventuran pola senda da biografía a operación é dobre, pois non só se realiza respecto dunha época senón tamén da persoa protagonista do relato. E aínda que as posibilidades de aprehensión do pasado son sempre limitadas, non por isto se debe renunciar ó difícil exercicio da súa reconstrución como fai Rodríguez Gallardo cando opta por unha «narración histórica que se mova no claroscuro»; ese mesmo claroscuro de todas e cada unha das *vidas* de Enriqueta Otero.

O relato áxil, case novelado, propio de quen encamiñou a súa práctica docente polos vieiros da lingua e a literatura, e a axeitada combinación de fontes orais e escritas, particularmente as de procedencia militar, fan especialmente suxestivos este libro. Doce capítulos, unha breve escolma de textos da biografiada e un pequeno apartado fotográfico completan un traballo que transcende ó propio personaxe na medida en que é tamén protagonista dalgunha das páxinas máis sobranceiras da historia da nosa terra. En particular a historia desas múltiples facianas da represión e tamén a historia da resistencia armada antifranquista sobre a que aínda tanto queda por escribir.

Benvido, pois, un traballo que devolve a palabra a un deses protagonistas silenciados, que os fai visibles e os materializa ós ollos das xeracións actuais, que nos axuda a entender e compartir os sonos e as expectativas de quen nos precederon.